

POLÍTICAS PÚBLICAS NA SOCIEDADE GLOBALIZADA.

**Producción de coñecementos, réximes de
fronteiras e espazos metropolitanos.**

21, 22, 23 e 24 de abril do 2009
Facultades de Arquitectura e Dereito.

OS LABORATORIOS DO SABER. UNIVERSIDADE NEOLIBERAL E EXPERIENCIAS CRÍTICAS.



Xulio Ferreiro Baamonde: *Precarización e privatización do coñecemento: o proceso de Boloña.*

No presente relatorio tentárase debuxar un panorama xeral das reformas e modificacións na estrutura contractual e estatutaria do Persoal Docente e Investigador das Universidades. Neste sentido, incidírase en cómo se teñen transformado as características do PDI universitario durante a etapa de reformas do sistema universitario europeo no denominado “Proceso Boloña” – non necesariamente coincidente coa Declaración de Boloña – para pasar de ser (maioritariamente) un corpo funcional ríxido e pechado – aínda que cunha estrutura xerárquica acusada – a devir nunha multiplicidade de figuras contractuais maioritariamente precarias e na introdución de sistemas de avaliación e segmentación daquelas figuras con maior estabilidade laboral, co obxectivo de aumentar a produtividade do PDI universitario e, en consecuencia, adaptalo ás necesidades do sistema de produción inmaterial. Trátase, polo tanto, da importación pola Universidade pública das técnicas laborais propias do Mercado, como un máis dos elementos de consecución da denominada Universidade-Empresa. A esta precarización laboral debe engadirse unha cada vez meirande necesidade de externalizar, en termos de mercado e non necesariamente de sociedade, o coñecemento e o traballo universitario, tanto no referido á docencia – no que os novos graos e os mestrados profesionalizantes son expoñentes sobranceiros - como á investigación – incidiríase neste eido na chamada “transferencia de resultados” -. Esta nova configuración do traballo universitario non pode ser analizado, polo tanto, de costas ao proceso de mercantilización e de privatización á que está sendo sometida a educación e investigación universitarias en conxunto.



Carlos Amoedo. *A mercantilización da cultura: natureza, tendencias e problemas para a Galiza do século XXI.*

Desde que foi enunciada e denunciada por Max Horkheimer e Theodor Adorno na súa *Dialéctica da Ilustración* (1944), a mercantilización da cultura, entendida como o sometemento dos obxectos culturais á lóxica utilitarista da produción e do consumo de masas, constituíu un tema esencial da socioloxía crítica occidental.

Mais, con independencia da continuación desta veta por parte da socioloxía contemporánea, o certo é que, nos nosos días, a lóxica do desenvolvemento capitalista está en trance de confirmar os piores agoiros da Escola de Frankfurt. Tanto nos papéis da UNESCO, do Banco Mundial e, por suposto, da Unión Europea, sobran exemplos da invocación tántrica á importancia da creatividade e as denominadas “industrias culturais” como motor da actividade económica de produción de bens e servizos. A produción cultural fai parte hoxe parte da *Axenda de Lisboa para o crecemento, a competitividade e o emprego*, dado que con seu estímulo se pretende xerar novos nichos de mercado baseados no I+D+I cos que competir no conxunto da economía global; unha economía afogada, tras o *crash* de 2008, pola irresponsábel especulación financeira, a crise do crédito e a contracción do consumo e o emprego.

No Estado español, a aposta polas industrias culturais pode exemplificarse, a nivel orgánico, coa creación da Dirección Xeral de Política e Industrias Culturais no Ministerio de Cultura polo Real Decreto 438/2008, de 14 de abril. A nivel galego, a tendencia reflíctese coa creación da Axencia Galega das Industrias Culturais mediante a Lei galega 4/2008, de 23 de maio.

Que hai detrás da mercantilización da cultura? Cales son as forzas que a moven e os postulados que a fundamentan? Cal é a súa relación coas restantes políticas culturais (democratización, basismo, fomento das identidades)? Sobretudo, cais son os seus efectos no conxunto desas políticas?

A resposta a estas preguntas abordarase conforme ao seguinte plan:

1. A natureza da mercantilización cultural.
2. As tendencias internacionais, no ámbito español e no ámbito galego.
3. Os problemas da mercantilización da cultura.



Luís Moro: *Creative Commons*.

A produción e a forma de disfrute da cultura varía cos tempos en función das transformacións tecnolóxicas que experimenta o sector. Os avances dos últimos anos -Internet e a dixitalización- acadaron un impacto tan extraordinario na industria cultural que deixou patente a extrema dificultade que as leis de propiedade intelectual, construídas sobre as bases duns dereito exclusivos, están tendo para adaptarse á forma satisfactoria. Creative Commons é un termo que fai referencia a unha organización estadounidense de principios do século que opta, nestes “tempos modernos”, por unha liberación de usas das obras en beneficio da cultura e os autores. Para elo pone en disposición un elenco de licencias máis flexibeis (Licencias Creative Commons), pero que resultan totalmente respetuosas cos termos das leis de propiedade intelectual. Na presente exposición analizarase a orixe da organización, o contido e os efectos das licencias, tanto para os autores como para os usuarios de produtos culturais, e a súa relación coa lei. Ademais, incidirase na súa xustificación, nalgunhas razóns económicas e culturais que inspiraron a súa creación i elaboración.



Manuel Loureda: *O teatro resoante: reivindicación laboratorio ciencias humanas*.

O que precisamos é: un Laboratorio das Humanidades, das ciencias humanas. Si. Un laboratorio. Para traballar e profundizar o específico destas ciencias; pois ata o de agora nos quedamos nelas, tan só na mera superficie, e a moita distancia da mesma... Do mesmo xeito que o laboratorio das ciencias exactas, da física e da química... tan coñecidos por nós, tan ensalzados na nosa tradición... do mesmo xeito, digo, que estes traballan a obxectividade; precisamos un espazo, unha maneira, un modo... de traballar a subxectividade. Porque a subxectividade tamén se pode traballar; claro, nin tanto! e aínda máis, é o que cómpre traballar, coñecer, discernir. O método ten que ser ben diferente, sen dúbida. Un método aproximativo en vez de exacto; un método baseado na indeterminación en vez da determinación, na relatividade en vez de na certeza... mais non por eso deixamos de falar de verdade, incluso absolutamente! Hai, de feito, unha verdade in-certa, in-determinada, relativa, que non por iso deixa de ser verdadeira, senón que case o é máis: máis complexa, máis acorde co noso mundo incluso, formado por redes cada vez máis, no que o paradigma da relatividade e da indeterminación chegou incluso xa á ciencia...

ESPAZOS POSTCOLONIAIS, MIGRACIÓN E GOBERNO DA DIFERENCIA.



José Ángel Brandariz García: *Flexibilidade das nocións de control e fronteira no goberno da vida d*s migrantes.*

A intervención pretende interrogar-se sobre que mutacións están a experimentar as formas e os significados do control e da fronteira, en tanto que expresións paradigmáticas da soberanía estatal moderna, na súa proxección sobre o suxeito migrante, figura na que se acrisolan boa parte das tensións e crises das certidumes xurídicas e políticas dos dous séculos pasados. Mediante este interrogante, pretende entender-se cal é a morfoloxía presente do réxime de fronteira e das prácticas de control a el vencelladas. Nesa tarefa, unha clave de sentido fundamental é pensar esas transformacións no modelo produtivo postfordista e no réxime de biopoder do que se deriva; só nese marco pode percibir-se a racionalidade das múltiples desterritorializacións e reterritorializacións continxentes que hoxe experimentan a fronteira e o control a respeito d*s migrantes.



Beatriz Blanco Vázquez: *Textos post-coloniais e restos históricos: traducións, xeralidades e emerxencias discursivas.*

Baixo este título máis ben impreciso tenta plantexarse as condicións de traducibilidade e receptividade dos discursos post-coloniais ás situacións específicas das periferias metropolitanas, en este caso Galiza. Para ilo, voume centrar nesa noción de resto histórico: restos, resistencias dentro da periferia as tendencias xerais da historia, anacos de outros modos de produción económica e social que se artellan, non sempre harmonicamente, co en cada caso dominante. “Exemplar” resulta o fracaso do estado-nación no estado español e por tanto o fracaso da modernidade como proxecto. Plantexar as condicións de traducibilidade empeza por explorar as condicións de emerxencia de novos tipos de subxectividade, que irremediabelmente teñen algún tipo de xeralidade (sexa esta precaria) como horizonte. Para iso, vou analizar tres textos: o clásico “Can the subaltern speak?” de Spivak, “Universalidade...” de Butler e a emerxencia dun nós dende a radical individualidade en *bell hooks* (poderían terse escollido outros exemplos): a imposibilidade mesma de falar, de establecer un discurso (que é sempre do xeral) e os recursos para facelo é o que exploran estes textos diversos.



Agustina Iglesias Skulj: *Control Moebius. A subxetividade migrante.*

Neste seminario proporemos pensar as derivas descritas pola división entre interior/exterior – como correlato da soberanía, asimilable á de inclusión/exclusión- que, a medida que vai cobrando forma o mercado mundial, comeza a deconstruírse. De acordo con elo, o capitalismo global engade máis e máis espazos, ata devir imperial. En consecuencia, os gobernos *glocales* buscan esferas de actividade nas que poder rearticular a súa soberanía. Nestas esferas artéllase a partir dos dispositivos gramaticales e institucionais que a nova *orden* reclama para a súa autorreferencialidade. En función disto, o poder policial simbólicamente reafirma o control dun “espazo interior” como táctica de goberno biopolítico. A dinámica do capital caracterízase

por incorporar novos espazos no seu “interior” e para elo recorre á definición da orden e, de xeito concomitante, programa os dispositivos de control para a súa imposición. Simultaneamente á redefinición do “espazo da soberanía” prodúcese o reartellamento do “espazo da cidadanía” e, neste sentido, os inmigrantes constitúense como unha subxetividade emerxente da sociedade de control -dado a que a multitude de subxetividades tenden a non estar limitadas a ningún ámbito específico- para redeseñar ese espazo.



Eleder Piñeiro: *Migración-transición-coñecemento.*

A partir do traballo de campo entre inmigrantes uruguaios e arxentinos en Galicia, trátase de reflexionar sobre certos aspectos rituais nun triple eixo que denominaré xeográfico, normativo e subxetivo. Do que se trata é de poñer en confrontación aspectos relacionados coa viaxe, a cidadanía e a identidade que se poden acotar nun certo devir-fronteira. Con isto preténdese repensar o movemento (de persoas pero tamén de discursos, prácticas e performatividades) en termos de coñecemento e crítica. Ulteriormente poñeremos en contacto o coñecemento que a práctica migratoria trae aparelhada co coñecemento que a sociedade de acollida ten e que podería ser esclarecedor para afondar en aspectos como a soberanía, a territorialidade, os dereitos ou a democracia.



Alfredo Macías Vázquez. *SUPERAR A ECONOMÍA POLÍTICA NA BUSCA DO BEN COMÚN.*

Nun senso antropolóxico e filosófico, a economía política pretende convencernos da necesidade do estado ou do mercado para presionar sobre o rendemento produtivo das persoas. Non só desconfía de que o ser humano como tal desenvolva un espírito favorable á eficiencia e á acumulación, senón que ademais entende que só unha minoría privilexiada pode asumir esta función coercitiva se iso tradúcese na recompensa dun ben exclusivo para si mesma. No seu desenvolvemento teórico, a economía política parte de tres premisas, que se presentan como inalterables no tempo e na diversidade cultural. En primeiro lugar, o intercambio de obxectos sería unha derivación lóxica da tensión humana ao intercambio, onde ademais o intercambio mercantil prevalecería sobre outras diversas formas de intercambio, como a reciprocidade comunitaria e a distribución centralizada. En segundo lugar, o valor de cambio dos bens producidos xira ao redor da súa dimensión utilitaria, ao seu valor de uso, e dita relación de cambio por outros obxectos certifica socialmente a súa relevancia práctica. En terceiro lugar, a reprodución deixa de percibirse desde o punto de vista das necesidades humanas, como reprodución dos propios seres humanos, e xira en torno ás necesidades do proceso de acumulación e reprodución do capital. Neste traballo, a partir dunha análise crítica destas tres premisas, pretendemos avanzar nunha alternativa á visión da economía política articulada ao redor da procura do ben común de toda a humanidade.

O CONFLICTO SEMIÓTICO. CIBERCULTURAS, ARTE, ACTIVISMO.



Carlos Diz Reboredo: *Os camiños do clown: Resistencia “en movemento”.*

Xogo, entroido e fronteira.

Se ben a sociedade do espectáculo converte ao individuo en mero espectador da súa propia vida, a postmoderna sociedade globalizada non se limita a engullir nun impulso de gula homoxeneizadora a poderosa diversidade humana, senón que alberga tamén no seu seo a vontade inquebrantable de persoas que, a través dun caudal multiformal de expresións creativas, manifestan nas súas loitas cotiás a urxencia de construción de novos xeitos de facer. Botaremos man dos camiños do clown para tratar de comprender como as resistencias xorden ás veces en grao sumo íntimo, aquilo que criamos enterrado. Perderémosnos gustosamente nos seus camiños, achegándonos ás dinámicas do xogo na cultura (ou da cultura en tanto xogo). As formas carnavalescas poderán remitirnos á maxia das comunidades imaxinadas, e o mundo do investimento e os soños poderán ser interpretados como formas subjuntivas de actuación no mundo. Trazaremos un percorrido de teoría antropológica baseada na praxis do traballo de campo entre asociacións e grupos, situándonos nos sempre borrosos límites fronterizos entre a arte e a vida, atendendo á fluidez hilvanadora do performativo e a algunhas expresións do cómico e da risa. Trátase, en boa medida, dun estudo “do” movemento e “en” movemento.



Antón Fernández de Rota. Michael Haneke e os funny games do saber/poder contemporáneo.

Os *funny games* dos cais nos fala a filmografía de Michael Haneke danse sempre antes do suxeito e máis aló da pantalla. Nun nivel formal poderíamos dicir que estes xogos prolongan a tradición crítica de Antonin Artaud (e o seu Teatro da Crueldade) amosando os límites estratéxicos de dúas técnicas reflexivas comúns ás artes escénicas e visuais, ás ciencias sociais e a crítica cultural, isto é, o exercizo do extrañamento e da crítica metadiscursiva. Nesta comunicación empregaremos o film *Funny Games* como un obxecto difractario co fin de pensar en común as problematizacións contemporáneas que se dan no eido da crítica, a ciencia e a política.



Javier Toret. Euromayday, network e produción de subxetividade.

O proceso colectivo do EuroMayDay supuxo unha proliferación de dispositivos e formas múltiples de produción de suxetividade. Reciclaron novas gramáticas reiventando o 1º de Maio e convertíndoo nunha das referencias máis importantes do movemento en Europa nos últimos dez anos. Nesta breve exposición trataremos de amosar a súas liñas de forza, especialmente as dimensións que fixeron del o primeiro movemento transmetropolitano i europeo no contexto da sociedade red e o capitalismo biopolítico.

◀◀ 13

Rosendo González: *Cuando haces pop ya no hay stop. Simulacro y políticas post-espectáculo.*

O Debord situacionista supuxo o culmen dunha análise moi concreta sobre a imaxe que caracterizou a gran parte das políticas radicais propias da modernidad. Unha tradición, que partindo dun punto de vista platónico, vería a representación como unha fuxida da “verdadeira realidade”. Ben, a tese que intentaremos defender -fundamentalmente desde o campo da filosofía- é a seguinte: A urxencia do que Debord chamou “sociedade do espectáculo” antes que unha sumersión no dominio do simulacro -como dobre malvado da copia- (Baudrillard) supuxo máis ben o defundamento do plano de representación inaugurado por Platón e a apertura a novas políticas da imaxe máis aló del. Políticas máis radicais pois atacan á alianza entre poder e saber (Foucault) que establecía dito análise. Así, a última parte desta comunicación pretende delinear este novo campo de acción política -axudada de autores como Gilles Deleuze ou o mesmo Foucault-, situado xa no dominio do simulacro, onde xa non é tan importante o valor de verdade da imaxe como os efectos que produce.

◀◀ 14

Abrahám Rubín: *Regos para pensa-lo acontecemento dende Deleuze e Derrida.*

Tanto na filosofía dos últimos libros de Antonio Negri e Michael Hardt como en Maurizio Lazzarato, atópase unha preocupación especial pola temática do acontecemento. Lazzarato o ve imprescindible para realizar unha política fecunda no *capitalismo cognitivo*. Negri e Hardt mesmo rematan *Multitud* apelando a un acontecemento futuro. Pero neles non hai un traballo teórico específico que sustente ese concepto, pese á tentativa de Lazzarato coa súa apelación a Gabriel Tarde e ao Deleuze de *Mil mesetas* en adiante. Nós pola contra cremos que é no primeiro Deleuze –o de *Lógica del sentido* e *Diferencia y repetición* - onde se atopa articulada a noción de acontecemento xunto ao de repetición que xera diferenza, isto é, novidade. O mesmo sucede co Derrida dos anos 60 e 70, que coa *différance* e a lóxica da *iterabilidade* (des)axusta a (im)posibilidade dos acontecementos. É dende aquí como podemos entender toda a retórica dos espectros, os que (re)aparecen sen cesar, e a espectroloxía \$que substitúe á ontoloxía en Derrida. Por iso é imprescindible unha noción de tempo que fuxa do ser-presente e da sucesión-continua-de-instantes. En Deleuze será o *Aíon*, en Derrida a *différance* o que desaxuste o espazo e o tempo para deixar paso á novidade.

A METRÓPOLE VIVA. INTERFERENCIAS E ALTERNATIVAS.

◀◀ 15

José Pérez de Lama: *Metrópolis do flexdeal e máquinas ecosóficis.*

A creba do proxecto emancipador da Modernidad obríganos a pensar novas ideas para a metrópolis posmoderna, partindo das novas demandas sociais e dos procesos de construción de novos dereitos. Movilidad, flexibilidade, apropiación das tecnoloxías e ecoloxía son os catro campos desde os que propoño repensar unha nova cidade para unha nova vida. Destas reflexións xorde a idea de máquina ecosófica como forma de reconceptualizar a práctica da arquitectura no seu encontro cos movementos sociais

◀◀ 16

Ergosfera: *Cafés para levar e outros experimentos primitivos do espazo global.*

Se tivéssemos que realizar un experimento científico sobre un elemento complexo pero só tivéssemos unha única hipótese e sobre unha parte moi concreta da realidade que imos poñer en crise, non dispoñeríamos de instrumentos para medir o resto dos parámetros que o experimento sacaría á luz. Así, rápidamente concluiríamos que: nin temos o experimento totalmente baixo control, nin imos saber aproveitar ou ler como resultados moitos dos cambios nos procesos sobre os que imos actuar de forma experimental. Por que nos conformarnos entón coas intencións declaradas dos experimentos primitivos sobre o tema do espazo global [McDonalds, Starbucks, aeroportos, áreas de servizo]? Non. Non sobran os que hai. Falta infinitos por inventar.

◀◀ 17

Marta Vázquez Pena: *Os novos laboratorios biopolíticos na metrópole*

A metrópole convértese no posfordismo, dando reemplazo á fábrica, no espazo de traballo e de precarización da vida na súa totalidade. Neste panorama emerxen novos territorios existenciais que reactualizan as formas de entende-lo antagonismo dende a vida cotiá e que reivindicán o dereito a ocupar e a significar doutro modo a metrópole. Nesta exposición estase a falar dun novo tipo de suxeitos políticos difíciles de definir pola súa capacidade para mutar e inventar novos territorios dentro das múltiples xenealoxías de movemento mais que se adoitan denominar centros sociais de nova ou segunda xeración. Estes laboratorios biopolíticos se articulan como un "nós" aberto transmetropolitano de networking que se contrapón ao autorreferencialismo do movemento okupa máis dogmático. Verase neste senso como a metrópole permea e atravesa estes centros sociais en todo momento, e como estas fugas desexantes se desterritorializan e trascenden os seus propios muros reconfigurándose e revertindo no entramado metropolitano. A través dunha breve panorámica de distintas experiencias tratarase de vislumbrar como os centros sociais empregan de xeito experimental o seu saber ingobernable para conseguir convertirse en institucións efectivas de movemento e construír *ex novo* a metrópole.

◀◀ 18

Xiao Varela Gómez: *Habitante urbanista. A autoxestión como mecanismo de formación de cidade.*

Cal é actualmente, no proceso de creación da cidade, o papel dos seus habitantes? Cal podería ser? Nunha cidade programada por organismos ineficientes, máis atentos á xestión e desenvolvemento da mesma que a súa riqueza, calidade ou complexidade, a autoxestión antóllase unha maneira de dotar aos cidadáns de ferramentas para transformar esas dinámicas como actores e non como espectadores do proceso. A través dalgún exemplo concreto analizarei a capacidade dos habitantes da cidade de facela máis acorde aos seus intereses e necesidades como colectivo. Por outra banda, farei referencia o papel actual do planeamento urbanístico e ás súas verdadeiras capacidades.

◀◀ 19

Macario Iglesias Carbonell: *A arquitectura como ferramenta de transformación social.*

Fronte á actual situación de inequidade social que deriva en procesos de precariedade, marxinalización e segregación, preséntase un desafío para a disciplina da arquitectura: buscar enfoques conceptuais e ferramentas adecuadas para dar resposta a estas problemáticas. Nesta liña, abordaranse dous exemplos. No primeiro deles, a construción dun Centro Comunitario en Senegal, a arquitectura convértese nunha ferramenta para traballar problemáticas de xénero. No segundo, veremos como a través do apoio técnico e o asesoramento a colectivos vulnerables, a arquitectura participa activamente en procesos de cambio social.